



¿Cal é a nosa filosofía?

Na área sanitaria da Coruña e Cee existen ao redor de 4000 prazas residenciais en **75 centros sociosanitarios** de diferentes características (vivendas comunitarias, fogares residenciais, residencias...) tanto para persoas maiores como para persoas con algunha discapacidade.

A maioría dos seus usuarios/as son persoas *maiores, dependentes e con múltiples patoloxías*. Para estes, o centro residencial supón o seu **fogar** e, en consecuencia, *o mellor medio* onde recuperarse cando empeora a súa saúde.

Co noso apoio pretendemos que o usuario permaneza no centro residencial a maior parte do tempo, *evitando os traslados hospitalarios innecesarios* sempre que sexa posible e pódase asegurar a *asistencia sanitaria no propio centro*.

As nosas posibilidades de actuación dependerán das características e medios persoais das residencias e da colaboración dos seus profesionais.


Contacto e localización



Páxina web

Unidade de Coordinación e Apoio Asistencial a Residencias da Área Sanitaria de A Coruña e Cee
Planta baixa do Hospital Marítimo de Oza.
15006, A Coruña
Correo electrónico: residencias.covid.asacec@sergas.es

GUÍA INFORMATIVA




PROGRAMA ASISTENCIAL A USUARIOS DE RESIDENCIAS DO ÁREA SANITARIA DA CORUÑA E CEE

¿Quen somos?

No ano 2020, como consecuencia da pandemia pola COVID19 e dada a necesidade de mellorar a coordinación entre os centros sociosanitarios de carácter residencial e o sistema sanitario, créase na Área Sanitaria da Coruña e Cee a **Unidade de Coordinación e apoio asistencial a Residencias**, integrada dentro do Servicio de Hospitalización a Domicilio. Esta unidade está formada polo Dr. Fernando Lamelo (médico), la Dra. Laura Gamonal (médico xeriatra), Mercedes Domínguez (enfermeira) e Rosi Vázquez (administrativa).

A Unidade de Coordinación conta coa colaboración dun **equipo interdisciplinar** integrado por diversos profesionais sanitarios do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña:



¿Cal é o noso obxectivo?

O obxectivo principal de este programa é **coordinar e apoiar** na asistencia sanitaria **traballando conxuntamente cos profesionais das residencias**, así como desenvolver e promover circuitos de comunicación máis fluídos entre o sistema sanitario e o social.

¿De que recursos dispoñemos?

-Apoio clínico aos profesionais sanitarios das residencias a través de **consultas telemáticas**, tanto de problemas médicos como de problemas de saúde mental.

-**Apoio aos profesionais** das residencias no manexo de pacientes complexos, situacións de últimos días de vida, síndromes xeriatricas e avaliación de prescricións inapropiadas por parte da **médico xeriatra** da Unidade

-Co obxectivo de mellorar a continuidade asistencial e diminuír o impacto que xera na saúde dos usuarios o ingreso hospitalario, establécese como **unidade de referencia hospitalaria** a **Unidade de Crónicos Complexos**, localizada no Hospital Marítimo de Oza. Esta Unidade coñece as características de cada centro residencial e establece vías de comunicación cos seus profesionais sanitarios, o que posibilita un **alta hospitalaria precoz e un seguimento posterior**. Ademais, conta cunha **consulta externa** e cun **hospital de día** que posibilita a administración de tratamentos ou a realización de probas de maneira ambulatoria.

-Plan de saúde mental en residencias. **Atención e seguimento dos usuarios con patoloxía mental** en residencias que contan con profesionais sanitarios.

-**Administración de medicación** intravenosa ou outro tipo de tratamentos **na propia residencia**, tanto co apoio do servizo de HADO como da propia Unidade de Coordinación en zonas nas que non existe cobertura de HADO.

-Plan de **formación continuada** para os profesionais de residencias.